
DOCUMENTO DE GARANTÍAS

Tendo en conta os datos do anexo que se acompaña, e os datos estimados polo PXOM sobre o crecemento de poboación previsto, o CONCELLO DA ESTRADA, COMO RESPONSABLE DA XESTIÓN E TRATAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA expón:

- A) Que os datos de necesidade de abastecemento a teito de planeamento son os que seguen:

Volume de auga preciso para garantir o abastecemento a teito das estimacións demográficas do PXOM.

$$22.000 \text{ habitantes} \times 250\text{l/hab/día} = 5.500.000\text{l/día} = \underline{5.500 \text{ m}^3/\text{día.}}$$

- B) Que o servizo de abastecemento de auga NON está garantido na actualidade para eses volumes estimados a teito de planeamento, pero que se atopa en fase de execución o proxecto e obra denominado "NOVO ABASTECIMENTO DA ESTRADA" con clave OH.236.600, adxudicado á empresa Proyecon Galicia S.A. e promovido pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, co que se desenvolverán as seguintes medidas:

- a. Construción dun novo depósito de captación, bombeo e impulsión no Río Umia, cunha produción de 4.320 m³/día.
- b. Construción dunha nova Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) con proceso físico-químico, con decantación, filtración e desinfección.
- c. Construción dun depósito regulador de 4.500 m³ de capacidade.
- d. Conexión do depósito regulador co depósito existente situado en Penerada.
- e. Anulación do actual bombeo do Liñares, cunha capacidade de 30l/s (2.592 m³/día) anque se manteñen os mananciais activos situados na parte alta de Penerada, cunha produción aproximada de 1.308 m³/día, o que fai un rendemento total diario de 4.320 + 1.308 = **5.628 m³/día.**

C) Que os datos de necesidade de saneamento a teito de planeamento son os que seguen:

Volume de auga xerado para o saneamento a teito das estimacións demográficas do PXOM: 6.380 m3/día.

D) Que o servizo de saneamento de auga NON está garantido na actualidade para eses volumes estimados a teito de planeamento, polo que se desenvolverán as seguintes medidas, contempladas no plano financeiro do PXOM:

Ampliación da E.D.A.R. existente ata acadar a capacidade de depuración do verquido previsto.

Desta maneira quedan garantidos os servizos de abastecemento e saneamento de auga para o desenvolvemento completo do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada.

NA ESTRADA A 25 DE AGOSTO DE 2009.



D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE

DO EXMO. CONCELLO DA ESTRADA

ANEXO

DATOS DAS ACTUALES INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO E DE SANEAMENTO.

A) Abastecemento

- **Capacidade de distribución de auga na actualidade polo servizo municipal de augas: 3.900 m³/día.**
- **Volume de auga preciso para garantir o abastecemento a teito das estimacións demográficas do PXOM: Para abastecer a poboación prevista polo PXOM fixada en 22.000 habitantes, cuns consumos medios de 250 l/día/habitante resulta un volume preciso de 5.500m³/día**

B) Saneamento

- **Caudal de entrada e de saída na EDAR : 3.030 M³/DIA**
- **Tipo de tratamento: Estación depuradora de augas residuais con tratamento primario e secundario (pretratamento-tratamento biolóxico – decantación secundaria)**
- **Volume de auga xerado para o saneamento a teito das estimacións demográficas do PXOM: Correspóndese co volume de auga preciso para o abastecemento (5.500 m³/día) incrementado polos correspondentes coeficientes de infiltración, o que supón unha estimación de volume de saneamento de 290l/habitante/día, resultando un volume de auga a sanear de 6.380 m³/día.**

DOCUMENTO DE GARANTÍAS

Tendo en conta os datos de crecemento poboacional previstos polo PXOM para o CONCELLO DA ESTRADA, COMO RESPONSABLE DA XESTIÓN E TRATAMENTO DOS RESÍDUOS xerados, expoño:

1.- RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS DE NATUREZA ORGÁNICA

1.1.- QUE A RECOLLIDA DOS RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS DE NATUREZA ORGÁNICA NO CONCELLO DA ESTRADA É DE COMPETENCIA MUNICIPAL.

1.2.- QUE OS MEDIOS EXISTENTES PARA A REALIZACIÓN DE DITA RECOLLIDA NON SON SUFICIENTES PARA UNHA POBOACIÓN ESTIMADA POLO PXOM EN 38.000 HABITANTES.

1.3.- QUE SE DOTARÁN POR PARTE DO CONCELLO DA ESTRADA OS MEDIOS NECESARIOS PARA PODER REALIZAR CON GARANTÍAS A RECOLLIDA DOS R.S.U. PARA UNHA POBOACIÓN DE 38.000 HABITANTES. DITA DOTACIÓN CONSISTIRÁ:

- NA ADQUISICIÓN DE TRES NOVAS UNIDADES DE CAMIÓN DE RECOLLIDA DE LIXO.

- NA ADQUISICIÓN DE NOVOS CONTEDORES PARA DOTAR DE RECOLLIDA AS NOVAS ZONAS DE EXPANSIÓN.

2.- RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS - ENVASE LIXEIRO (PLÁSTICO+METAL+BRIK)

2.1.- QUE A RECOLLIDA DOS RESÍDUOS DE ENVASES LIXEIROS DE PLÁSTICO, METAL E BRIKS ESTÁ ACTUALMENTE CONTRATADA Á EMPRESA CELTA PRIX S.L.

2.2.- QUE SE INCREMENTARÁ A PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA A ESTA CONTRATACIÓN PARA DAR SERVIZO DE RECOLLIDA A UNHA POBOACIÓN DE 38.000 HABITANTES PREVISTA NO PXOM.

3.- PAPEL E CARTÓN

3.1.- QUE A RECOLLIDA DE CARTÓN NON ENVASE ESTÁ ACTUALMENTE CONTRATADA Á EMPRESA COREGAL.

3.2.- QUE SE INCREMENTARÁ A PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA A ESTA CONTRATACIÓN PARA DAR SERVIZO DE RECOLLIDA A UNHA POBOACIÓN DE 38.000 HABITANTES PREVISTA NO PXOM.

4.- VIDRO

4.1.- QUE A RECOLLIDA DE VIDRO ESTÁ ACTUALMENTE CONTRATADA Á EMRPESA URBASER.

4.2.- QUE SE INCREMENTARÁ A PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA A ESTA CONTRATACIÓN PARA DAR SERVIZO DE RECOLLIDA A UNHA POBOACIÓN DE 38.000 HABITANTES PREVISTA NO PXOM.

Desta maneira quedan garantida a xestión de residuos para o desenvolvemento completo do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada.

NA ESTRADA A 25 DE AGOSTO DE 2009.



D. MANUEL OTERO ESPIÑO

CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE
DO EXMO. CONCELLO DA ESTRADA